



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Peugeot Citroën Automóviles España, S.A. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

En Vigo, trece de maio de dous mil trece

REUNIDOS

Don Jesús Vázquez Abad, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación da mesma, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

E Don Juan Antonio Muñoz Codina, Director del Centro de Producción de Vigo da empresa Peugeot Citroën Automóviles España, S.A. (en adiante PCAE, S.A.) como representante legal da mesma, facultado para a sinatura deste documento en virtude das atribucións que figuran nas escrituras de poder outorgadas ante o Notario de Madrid D. Luís Garay Cuadros de datas 1 de decembro de 2011, con números de protocolo 3256 e 3257 respectivamente, actuando en nome e representación da empresa.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, determina no artigo 39, apartado 1, que formación profesional comprende o conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais. E no apartado 2 establece que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.

Igualmente, contempla, no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. As Administracións educativas regularán esta fase e a mencionada exención.

2. Que o Real Decreto 1538/2006, de 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo determina, no seu artigo 11, que todos os ciclos formativos de formación profesional incluírán prácticas formativas en empresas ou outras entidades. Dita formación, en situación real de traballo, que non terá carácter laboral, organizarase nun módulo de formación en centros de traballo que formará parte do currículo do ciclo formativo correspondente.

3. Que a empresa Peugeot Citroën Automóviles España, S.A. é unha empresa privada do Grupo PSA que ten como obxecto social e actividade a montaxe e fabricación de vehículos automóbiles, compoñentes, pezas de recambio, accesorios e útiles dos mesmos.

En consecuencia, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio de colaboración no campo da formación e da aprendizaxe de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Peugeot Citroën Automóviles España, S.A. para o seu Centro de Vigo.

Segunda. A referida colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a) Establecemento dun programa de formación en centros de traballo, para alumnos que cursen formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións da empresa PCAE, S.A.
- b) Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c) Colaboración de expertos da empresa PCAE, S.A. na formación complementaria das ensinanzas da formación profesional inicial de grao medio e superior.
- d) Establecemento das condicións polas que se rexerá a cesión a título gratuito de automóbiles -preseries non comercializables- e dos seus elementos constituíntes destinados á formación e á actualización de coñecementos do profesorado e do alumnado de automoción, tanto de formación profesional inicial como de formación profesional para o emprego.
- e) Organización dun programa de visitas á empresa PCAE, S.A. no seu Centro de Vigo dirixido ao alumnado de educación secundaria, dos centros educativos de Galicia, co fin de estimular a formación profesional de tipo técnico, sobre todo entre as alumnas. Estas visitas incluirán sesións de orientación e presentación da empresa.

Terceira. Os centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas de formación profesional determinarán, por escrito, os alumnos que vaian realizar prácticas formativas no centro de Vigo da empresa PCAE, S.A. para cada curso escolar e de acordo coas estipulacións previstas neste convenio.

Cuarta. As prácticas formativas refírense á realización do módulo de formación en centros de traballo, previsto nos ciclos formativos de grao medio e grao superior, por parte dos alumnos que cursan estas ensinanzas.



Quinta. A realización do módulo de formación en centros de traballo concretarase entre a dirección do centro educativo e a empresa PCAE, S.A., dentro do marco previsto no punto anterior. Así mesmo, deberase determinar o calendario e o horario para a realización do mesmo, que terá que axustarse ao previsto no correspondente módulo (FCT), e indicarse na documentación correspondente para cada alumno.

Procurarase que o citado módulo se desenvolva de forma continuada e sen interrupcións, de maneira que se garanta a súa eficacia formativa.

Sexta. A empresa PCAE, S.A. recibirá aos alumnos que figuren no concerto ao comezo do período de prácticas e na data que acorden co centro educativo, responsabilizándose da súa formación para o que designará, aos titores responsables de cada área formativa.

Pola súa parte, o centro educativo designará un titor ou titores que se encargarán de elaborar co titor da empresa o programa formativo, apoiar tecnicamente aos alumnos, así como controlar a asistencia e avaliar o desenvolvemento da formación concertada.

A tal fin, iranse reflectindo as actividades realizadas polo alumno no centro de traballo nun caderno de seguimento e avaliación e os profesores titores manterán as relacións necesarias co titor da empresa.

Sétima. Cada alumno asistirá ao centro de traballo provisto da súa tarxeta de identificación ou D.N.I., e observará as normas da empresa no tocante á puntualidade, asistencia, seguridade e saúde e comportamento. A empresa PCAE, S.A. poderá desistir libremente de continuar a colaboración formativa, respecto de calquera alumno, por incumprimento das normas, abondando para iso unha comunicación escrita ao centro escolar, oído previamente o titor do mesmo.

Oitava. O alumno non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa PCAE, S.A., non podendo establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación, previstos nos artigos 11 e 12 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que os alumnos acollidos a este convenio quedan absolutamente excluídos da lexislación laboral.

Durante o período de prácticas concertado non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a empresa e o alumno, mentres non se revoque expresamente o

concerto de colaboración formativa entre o centro educativo e a empresa PCAE, S.A., respecto dese alumno.

Novena. Sen prexuízo da cobertura propia do seguro escolar, os riscos por accidentes de traballo derivados da realización das prácticas, tanto se afectan ás cousas ou a terceiros coma ao propio alumno, incluídos os constitutivos de invalidez ou determinantes de morte, quedan cubertos por unha póliza de seguro colectivo adicional de carácter civil que ten subscrita a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Décima. A empresa PCAE, S.A. colaborará na formación e actualización do profesorado, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en aquelas técnicas e tecnoloxías que considere de interese.

Décimo primeira. O Grupo PSA en España, no marco da súa política social e concretamente a través do Acordo de igualdade home-muller, asinado con todas as organizacións sindicais presentes no grupo, previu abrir vías de colaboración coas Administracións Públicas a fin de que se incentive a presenza das mulleres en titulacións e cualificacións relacionadas co sector do automóbil.

Por outra parte, no ámbito do presente convenio, poderanse aplicar accións positivas na formación de mulleres, tanto interna como externamente, en función das necesidades e recursos existentes en cada momento.

A tal fin, establecerase un programa de visitas á empresa PCAE, S.A., no seu Centro de Vigo, dirixido ao alumnado dos últimos cursos de educación secundaria e dando prioridade ás alumnas. O calendario e horario das visitas organizaranse por acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa.

Décimo segunda. A proposta dunha das partes implicadas poderanse organizar cursos, seminarios, estudos, etc., sobre temas referentes ás novas tecnoloxías de común interese, tanto para persoal específico da empresa PCAE, S.A., dentro das súas posibilidades, como da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Décimo terceira. A empresa PCAE, S.A. considerará a posibilidade de cesión a título gratuíto de automóviles -preseries non comercializables- e dos elementos constituíntes aos



centros de formación profesional. Este material e o soporte tecnolóxico do centro de Vigo de PCAE, S.A. permitirá ao alumnado un coñecemento actualizado do automóbil e ademais conseguirase:

- Incorporar as últimas tecnoloxías do automóbil, xa que trátase de vehículos de última xeración que progresivamente van incorporando as últimas innovacións e avances nas diferentes técnicas que engloba o deseño e construción do produto.
- Adaptar ao alumnado ao contorno laboral, transferíndolles os coñecementos necesarios e potenciando a súa empregabilidade futura.
- Facilitar a aprendizaxe para o desenvolvemento das capacidades que lles garantirán as competencias individuais para desempeñar correctamente o seu futuro posto de traballo.

Neste sentido, os centros de formación profesional implementan unha nova fórmula para garantir que o seu material de aprendizaxe estea modernizado permanentemente.

Décimo cuarta. Na cesión a título gratuito de vehículos por parte de PCAE, S.A. teranse en conta os seguintes aspectos:

1. Xestión das cesións

- PCAE, S.A. cederá os vehículos -preseries non comercializables- obxecto con carácter voluntario e en función das posibilidades que PCAE, S.A. considere.
- O custo e xestión do transporte dos vehículos cedidos será a cargo dos centros de formación profesional de destino.
- Os Institutos de Educación Secundaria poñeranse en contacto con PCAE, S.A. para a xestión do transporte, fecha, vehículo en concreto a ceder e, en xeral, todos os aspectos relativos á cesión.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria obrígase a comunicar aos Institutos de Educación Secundaria, que sexan obxecto de cesión dalgún vehículo por parte de PCAE, S.A., dos termos do presente convenio.

2. Restricións de rodaxe

Os vehículos -preseries non comercializables- obxecto de cesión non estarán homologados para rodar polas vías públicas, polo tanto deberán trasladarse aos diferentes centros formativos nun transporte axeitado, e unha vez no seu destino o vehículo non deberá autopropulsarse, a pesar de que mecanicamente estea en disposición de facelo. Será



responsabilidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que este extremo sexa respectado escrupulosamente.

3. Fins da cesión

Os vehículos obxecto de cesión cederanse unicamente co propósito de que cumpran unha función pedagóxica no desenvolvemento dos ciclos formativos da familia de transporte e mantemento de vehículos. Queda por tanto, totalmente prohibido a súa venta e/ou destino a un fin distinto do expresado nesta cláusula.

Estes vehículos non poderán ser cedidos posteriormente a outras institucións e/ou persoas físicas ou xurídicas, salvo a outras institucións formativas e cos mesmos fins e restricións que os establecidos neste convenio.

Desde o momento en que o centro educativo tome posesión do vehículo cedido por PCAE, S.A., o cesionario do vehículo asume toda a responsabilidade sobre o mesmo e, en particular, a de utilizar o vehículo respectando as restricións establecidas no presente acordo, quedando a sociedade PCAE, S.A. exonerada de calquera responsabilidade polo seu uso e destino.

O Centro de Formación de Vigo de PCAE, S.A. será especialmente sensible as peticións formativas de actualización de coñecementos demandadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e canalizará os fluxos de coñecemento en cursos específicos, máximo tres ao ano, e nos seminarios/conferencias máis significativas.

Décimo quinta. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o consideren oportuno calquera das partes asinantes, co obxecto de realizar un balance das accións realizadas e planificar actividades futuras.

Esta comisión estará constituída por:

- A. Tres representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- B. Tres representantes da empresa PCAE, S.A.

Décimo sexta. O presente convenio terá unha vixencia de dous anos, desde a data da súa sinatura, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á finalización do convenio.



Décimo sétima. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4.1.c) e 2, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, o exclúe do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, o atopan conforme e o asinan, no lugar e data indicados.

**O Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria**

Jesús Vázquez Abad

**O Director do Centro de Producción de
Vigo de Peugeot Citroën Automóviles
España, S.A**

Juan Antonio Muñoz Codina